



D. Antonio Veiga Outeiro,
vicepresidente da Deputación de Lugo,

D. Mario Outeiro Iglesias, deputado delegado da Área de Cultura e Turismo,
teñen o pracer de invitalo/a á inauguración da exposición

COMA NA CASA. RELATOS CREATIVOS SOBRE O FOGAR EXPANDIDO

Acto que terá lugar o vindeiro sábado, día 13 de xuño de 2015, ás 20:00 horas, no Pazo de Tor (Monforte de Lemos).

San Xoán de Tor
27591 Monforte de Lemos
Tel. 982 16.55.34

difusion@museolugo.org

Máis información



e no sitio web www.museolugo.org



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA
MUSEO PROVINCIAL DO MAR
PAZO DE TOR

13 de xuño 2015

Coma na casa

Relatos creativos sobre
o fogar expandido

Pazo de Tor
(Monforte de Lemos)

XOSÉ
VILAMOURE

CHELO
MATESANZ

CRISTINA
RAMÍREZ

EDUARDO
VALIÑA

JORGE
VARELA

JACOBO
BUGARÍN

HUGO
LÓPEZ
AYUSO

MANUEL
DE LA ROSA

JUAN CARLOS
ROMÁN

DAVID
CRESCO
FERNÁNDEZ

VICTORIA
DIEHL

MÓNICA
CABO

MARTA
LLORIA

ALBA
FANDIÑO

EMILIA
GUIMERÁNS

MARTA
BRAN

ANDREA
COSTAS

CLARA
CERVINO

MONTSE
REGO

ANXOS
SUMAI

TAMARA
FEIJOO

AMAYA
GONZÁLEZ
REYES

MÓNICA
ALONSO

BOSCO
CARIDE

BEATRIZ
LOBO

Coma na casa

Relatos creativos sobre o fogar expandido

A realidade histórica e simbólica do Pazo de Tor constitúe o lugar ideal para deseñar e desenvolver unha exposición sobre unha tendencia seminal da arte contemporánea: investigar o pasado para entender mellor o presente. Observar, interpretar e afondar nos distintos niveis conceptuais e físicos dun lugar para tratar de abordar cuestións pretéritas que adormecen no noso imaxinario, pero que espertan e se activan ao entrar nun lugar tan especial como é o caso desta casa fidalga.

A exposición formula preguntas sobre as distintas capas que compoñen a existencia do Pazo de Tor, presentando distintos relatos en torno á visión da nosa propia historia e á historia do noso pasado, botando man dun catálogo de cuestións que lle atinxen á intimidade do ser humano, á esfera privada da humanidade, para pensalas en clave de futuro; posibilidades creativas vinculadas a un lugar concreto.

O título da mostra *Coma na casa*, persegue activar un dobre xogo sobre o que de positivo ten aquilo relacionado co refuxio e a construción (estar como na casa), pero tamén ilustrar un retrato dos cambios sufridos, do que ten de envés esa realidade. Vinte e catro artistas visuais, fiados a esta Casa mediante a escrita de Anxos Sumai, responderán á permanencia ou transformación de cuestións universais acerca do particular como: o medo, o sexo, a soidade, o amor, o azar, o desexo, o poder, a curiosidade, a violencia, o destino, o tempo e a familia, entre outras cuestións,

mediante a intervención e convivencia das súas obras cos distintos obxectos, espazos, arquitectura e, incluso, coa propia musealización do Pazo, executadas coa intención do diálogo, da análise e da crítica.

Un percorrido transversal nos significados, nas accións e nos xestos que acompañan ás obras, á súa montaxe e á participación do público, xogando coa ambigüidade desde o cuestionamento, a ironía, a relectura, o humor. Tamén desde a óptica do relato ficcionado da literatura de Anxos Sumai, que nalgúns casos resumirá e noutros expandirá as liñas de traballo presentadas. Algúns dos artistas signifícanse no lugar mediante obras que exploran desde o presente; outros, en cambio, fano desde a creación de novos territorios que redistribúen tempos, símbolos e incluso rutinas. A complexidade dos discursos e as prácticas logran que a visita se faga multiplicando as lecturas e revelando artistas que non só pensan no obxecto físico senón tamén en termos de espazo, tempo e memoria, engadíndolle un relato máis á historia desta casa .

Presentadas no interior e exterior do Pazo de Tor, ben nas diferentes estancias domésticas ou ben no patio e alpendres exteriores, as obras da exposición foron cedidas xenerosamente polos e polas artistas así como polas súas galerías, se ben, nalgúns casos, a implicación foi máis activa coa proxección ex profeso de instalacións, intervencións, debuxos, textos e obxectos, que, moitas veces, buscan incorporar elementos, discursos e axentes da propia casa.

Esta exposición é un convite ao público do Pazo de Tor, que agudice a vista máis alá do presentado e pautado na casa, alimentando a curiosidade por atopar o pasado solapado polo presente e o futuro, como unha acumulación incesante de novas experiencias, en continua expansión.

Chus Martínez Domínguez
Comisaria da exposición

Cobiza, levidade

Cando alguén morre, a casa queda limpa e pesa menos: a consciencia esvaece e apréciase unha lixeira levidade, como un suspiro. Pero en Tor non acontece a ingravidez porque, plantado entre os prados e o bosque, o pazo enraizou no máis profundo e segue agarrado ás fendas do granito, á semente anacarada dos herbais. En Tor, que mantén a severidade e parece comprimirse sobre si mesmo –someténdose á ira que tensa as paredes– recoñecemos o olor da vellez, quizais o recendo das lembranzas. As lembranzas, os esquecementos. Tanta xente. Como calcular as vidas e as mortes que o nutiron? Cantos gatos perseguiron ratos nas gateiras? Canto sangue de partos e menstruacións delourou nas sabas de liño? Ninguén pode contar os ósos rotos das crianzas, a cólera dos homes, os porcos sacrificados. Nin sequera podemos cheirar os ouriños nos penicos, contar a auga vertida nas almofías nin oír os xemidos dos orgasmos.

O pazo pesa: non está limpo aínda de conciencias nin é leve e iso que hai anos que a última persoa, a anciá que o vivía, xa non é máis que unha presenza reproducida en retratos nos salóns. Ela, a muller, é posiblemente a súa derradeira lembranza. O pazo míranos sorrinte e ávido cando o visitamos porque

precisa novos ocupantes. Quere cativarnos porque é unha inmensa araña. Os espazos, os tesouros. Tantos obxectos. Os obxectos están vivos, amalgaman riqueza e quincalla en huchas para engaiolar persoas cobizosas. Son os obxectos os que lle dan esa severa mirada expectante. Onde estaban antes eses residuos sedutores? Xuntounos o cheiro do verniz reseso, os pasos nas alfombras, a dor da pel do leopardo? Desprazadas dos seus lugares, as cousas de Tor -malhumorado por non atrapar quen o habite- zumegan decadencia. Mesmo na solaina luminosa e no canto dos paxaros agóirase o desexo do pazo de implosionar, sabedor de que ninguén máis o ha vivir, malia a arañeira centenaria custodiar a Deus e a Virxe – os anxos, as santas e os santos- estenderse ata o labirinto do xardín.

Cando estes novos obxectos, demasiado estraños e indecentes o ocupen, sentirá medo? Expulsaraos furioso porque danan a súa sacralidade? Obscenos e inmorais. Tanta indecencia. Como non vai acollelos se sabe que con semellante agresión á súa memoria deixará de pesar e sentirá o acougo da levidade?

Anxos Sumai